

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN "MONTE DO GOZO" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO-EDUCATIVO "PROXECTO HOME" DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS EN RISCO E CON TRASTORNOS ADITIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PROGRAMA DE TRATAMENTO E REHABILITACIÓN, EN RÉXIME DE COMUNIDADE TERAPÉUTICA, DA DEPENDENCIA ALCOHÓLICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 01.03.2024 coa Fundación Monte do Gozo o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación "Monte do Gozo" para o desenvolvemento dos programas relacionados anteriormente, prestando así servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, atendendo aos principios de anonimato, universalidade e gratuidade de asistencia.

A prestación dos ditos servizos lévase a cabo nas estruturas coas que conta Proxecto Home Galicia, baseado nun modelo teórico de intervención marco deseñado como unha consecución de fases para acadar a rehabilitación e inserción sociolaboral das persoas en tratamento:

- Avaliación e diagnose
- Motivación e integración
- Coñecemento e desenvolvemento persoal
- Inserción sociolaboral

A prestación destes servizos levarase a cabo en dispositivos emprazados en centros de acollida, e cinco comunidades terapéuticas (unha delas intrapenitenciaria):

A duración do tratamento varía dependendo do programa e, en grande medida, da evolución da persoa en tratamento, pero pode establecerse entre os 18 e os 20 meses.

Os pacientes poderán ser derivados polas unidades da rede de saúde mental e drogodependencias do Servizo Galego de Saúde co visto e prace do responsable de saúde mental da área correspondente.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas

aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Aditivos da Comunidade Autónoma.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, ocúpase da xestión, planificación e coordinación das medidas e accións dirixidas, a facilitar a prestación de servizos asistenciais e a promover a incorporación social de pacientes relacionados con sustancias e trastornos aditivos.

Segundo o establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

De acordo e coa aprobación do Ministerio de sanidade, a comunidade autónoma de Galicia está a desenvolver un proxecto denominado "*Plan atención aos trastornos aditivos de Galicia*" que prevé no seu desenvolvemento articular convenios de colaboración co terceiro sector para diminuír a prevalencia dos trastornos por consumo de sustancias e favorecer a súa prevención. Dito proxecto enmarcase no denominado "*Plan de Acción de salud Mental 2022-2024*" do Ministerio de Sanidade, que na Liña 6 (Prevención de condutas adictivas con e sen substancia) ten coma obxectivo xeral diminuír a incidencia das adiccións sen substancia e do alcoholismo na Comunidade Autónoma, implantando programas de prevención de recaídas en alcoholismo e adiccións sen sustancias no marco do desenvolvemento do novo plan de trastornos adictivos na nosa Comunidade.

De acordo ao disposto no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cómpre realizar as seguintes consideracións:

1. De conformidade co artigo 16.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, os poderes públicos da Comunidade Autónoma galega garantirán, en iguais condicións ca ó resto da poboación, o proceso de atención ó drogodependentes nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e as obrigas que establece a normativa básica e autonómica nesta materia. Neste mesmo sentido, no artigo 18.1. dise que as administracións públicas de Galicia velarán polo desenvolvemento das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos diversos problemas derivados do consumo de drogas, a desintoxicación, a deshabitación-



rehabilitación e a atención ás complicacións orgánicas, psíquicas e sociais e ás urxencias derivadas do uso das drogas.

2. Co obxecto de garantir as prestacións adecuadas, a Administración autonómica, no marco das súas competencias, poderá establecer acordos, convenios, contratos ou concertos con entidades tanto públicas coma privadas, preferentemente con aquelas que non teñan ánimo de lucro.
3. O Servizo Galego de Saúde subscribirá coas entidades sen ánimo de lucro a continuación relacionadas un convenio de colaboración en virtude do cal se levan a cabo os programas de asistencia sanitaria incluídos na carteira de programas e servizos do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia:
 - a. Asociación cidadá de loita contra a droga ACLAD.
 - b. Asociación cidadá de loita contra a droga Alborada.
 - c. Asociación cidadá de loita contra a droga ASFEDRO.
 - d. Cruz vermella de Lugo.

e. Fundación Monte do Gozo.

En concreto, o Padroado da Fundación Monte do Gozo, está a desenvolver un Programa terapéutico-educativo "*Proxecto Home*" de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como un programa de tratamento e rehabilitación da dependencia alcohólica en réxime de comunidade terapéutica.

O programa terapéutico-educativo consiste na prestación de servizos sanitarioasistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas. O devandito programa consta das fases de acollida, comunidade terapéutica e reinserción social.

A prestación destes servizos lévase a cabo en dispositivos emprazados en catro centros de acollida e dúas comunidades terapéuticas (unha delas intrapenitenciaria).

O programa de tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, que busca unha alternativa terapéutica e rehabilitadora, ten como obxectivos lograr unha maior autonomía, o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial nesta tipoloxía de casos, así como o apoio e orientación ás familias afectadas pola dita problemática.

4. Todas estas entidades contan con algún centro autorizado para a realización destes programas asistenciais cumprindo co recollido na Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento de drogodependencias.



5. Dentro da súa actividade desenvólvense programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos aditivos relacionados co alcohol, tabaco, drogas ilegais e outras dependencias sen substancia na Comunidade Autónoma Galega, en réxime ambulatorio ou residencial dependendo do tipo de centro.
6. As entidades relacionadas realizan a prestación dos servizos sanitarios segundo o definido no documento "*O Circuito de Asistencia sanitaria aos trastornos adictivos de Galicia*".
7. Polo tanto, considéranse razóns que acreditan o interese público e social do desenvolvemento destes programas, articulada a través dunha subvención directa, que garante a viabilidade financeira das entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con trastornos adictivos e a continuidade na prestacións dos servizos que prestan a este colectivo, xa que desenvolven unha labor indispensable para a sociedade, complementaria á prestada directamente a través dos recursos titularidade da Administración autonómica.

Ademais as entidades relacionadas no punto 3 letras a, b, c, d, e e son as únicas coa capacidade necesaria para desenvolver eficientemente as actividades obxecto deste convenio en toda Galicia, posuindo os medios técnicos e sendo as únicas entidade con capacidade de coordinación das asociacións que actúan nas distintas áreas sanitarias, o que garantiría o desenvolvemento dos programas segundo o catalogo de programas asistenciais do Plan galego sobre Drogas, polo que non procede a concorrência pública doutras entidades.

O número estimado de persoas beneficiarias directas para o ano 2024 dos dous programas: 600

Por todo o exposto, formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, por un importe de un millón cento noventa e seis mil setecentos setenta euros (1.196.770 €) consignado nominativamente con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.04, código do proxecto 2022 00002, dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

